

Unha empresa emblemática na comarca e en Galicia

## O transporte de viaxeiros no Morrazo

---

As carruaxes de cabalos do século XIX deixaron paso, a comezos do século XX, aos novos autobuses de liña, onde destacou a empresa Cerqueiro, que neste ano 2013 celebra 85 anos de vida

XERARDO DASAIRAS\*

07-04-13 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2013/04/07/o-transporte-viaxeiros-morrazo-17486737.html>



*Na esquerda, un autobús de Cerqueiro na parada da Casa das Luces, no centro de Cangas. Arriba, unha reprodución dunha nova de FARO o 28 de marzo de 1928 sobre a adquisición por parte de Cerqueiro dun novo autobús "Dodge". Abaixo, dous modelos de autobuses da empresa. // Arquivo/Cerqueiro/FdV*

O acceso aos concellos do Morrazo, se exceptuamos Marín, sempre contou con moitas dificultades, pois estes apenas comunicaban con malos camiños de roda as súas poboacións. Non sería ata 1857 cando a Deputación rematase un camiño veciñal (comezado no 1848) desde Marín a Cangas pola Portela, considerado de primeira orde. En 1864 remátase o camiño que ía por Bueu, Beluso e Aldán e chegaba a Cangas por Darbo, ao tempo que se remataba o de Cangas a Moaña e Vilaboa. No 1878, estes camiños pasan a ser carreiros con máis ancho e firme de grava (murrullo) e xabre, permitindo a circulación das carruaxes ou coches de viaxeiros. Foi esta a época na que circularon entre Marín e Cangas os coches de cabalos "Invencible nº 1" e "El Industrial", mentres que a Bueu, coa mesma orixe, chegaban "La Iniciadora" e "El Recreo nº 1".

## Automóviles de liña



A aparición dos automóbiles esixiría a mellora destes camiños e no plan de estradas do 1911 pasan a categoría de segunda orde, as existentes de Marín a Cangas a de Bueu a Cangas, por Aldán e a de Cangas a Vilaboa. Estas melloras permitirían que no ano 1912 se substituísen os servizos de carruaxes por automóbiles. Xa que logo, neste mesmo ano, xa comeza a cubrir o traxecto desde Marín a Cangas a "Empresa Sánchez" que cubría esta rota nunha hora e que no 1919 aumentaría a frecuencia a dúas viaxes diarias, agora desde Pontevedra. En 1926 aparecería a empresa "Transportes Automóbiles S.L." dos vigueses Antonio Alonso Cuenca e Julio Trullenque que cubría con vehículos "Lancia" o traxecto Pontevedra - Cangas con dúas viaxes diarias que no ano seguinte pasarían a tres frecuencias por día. Esta empresa había continuar con esta liña ata o ano 1934. A aparición dos automóbiles de liña deulle continuidade ás carruaxes chamadas ferrocarrilanas que enlazaban coas estacións de tren, supeditando os seus horarios ás frecuencias das paradas do tren. Nestas datas, a mellora dos autobuses xa permitía desprazamentos máis longos, competindo en rapidez co ferrocarril.

No ano 1928, a "Empresa Sánchez" perdería o traxecto Bueu - Cangas por Beluso e Aldán, ao ser revocada esta concesión pola Junta Provincial de Transportes. Porén, como dixemos, continuaría co traxecto Cangas-Pontevedra por Moaña e Vilaboa ata 1934. Neste ano, ambas empresas, Alonso e Sánchez, serían absorvidas pola nova empresa "Transportes Automóbiles del Morrazo", máis coñecida como "Martínez", que realiza tres viaxes diarias de Cangas a Pontevedra (dúas de mañá e unha de tarde) e unha máis de Cangas a Marín que enlazaba co tranvía a Pontevedra. Tamén facía unha viaxe Cangas-Bueu polas tardes (ida e volta por Aldán e Beluso) e cubría os servizos ás feiras de Pontevedra (1 e 15 de cada mes) e cada xoves ao mercado de Bueu. Estes traxectos, agás o de Cangas-Bueu pola costa, serían cubertos anos despois pola Empresa "Transportes La Unión", ata a súa absorción por "Monbús", que por iso é hoxe a usufructuaria da actual estación de autobuses.



Xa desde 1926, José Cerqueiro Freire de Bueu viña exercendo o transporte de viaxeiros cun automóbil Chevrolet de aluguer (aínda non se chamaban taxis) en sociedade co seu veciño Eugenio Novas que sería quen logo se quedaría con este servizo. Como denominador común con moitas outras empresas de Galicia, o salto do coche de aluguer ao autobús de liña, viña propiciado pola adquisición dunha concesión para o transporte de viaxeiros que facían unha ruta determinada pola Junta Provincial de Transportes e que tiña o transporte do correo como condición imprescindible. Nestas épicas datas, as viaxes nos coches de liña caracterizábanse polo manubrio de encendido a man do motor, as "pannes" ou pinchazos (levaban dúas rodas de reposto na baca), un "chauffeur" cualificado e numerosos accidentes e avarías, amén do conseguínte e habitual retraso nas saídas e chegadas. Os sufridos viaxeiros non só padecían nas súas costas os incómodos asentos de madeira senón que por veces tiñan que empuxar o vehículo para que este arrincase o motor ante a inutilidade da manivela. Nos tempos dictatoriais eran habituais as paradas que a Garda Civil executaba na procura de delinquentes ou de contrabando e nas entradas de vilas e cidades existían controis de fiato de mercadorías e barreiras de control de viaxeiros nas estacións.

En febreiro do ano 1928 outórganlle o transporte do correo á nova empresa de José Cerqueiro Freire de Bueu, motivo suficiente nestas datas, para facerse coa concesión en exclusiva do traxecto Bueu-Beluso- Aldán-Cangas que ata agora facía a "Empresa Sánchez". Moi mal debía andar o tema do correo con esta empresa pois agora algúns opinan alegremente que no coche das seis xa chegaría a correspondencia e a prensa a Cangas, "case ao mesmo tempo que o fan en Madrid". No mes seguinte, pois, José Cerqueiro asumiría o transporte do correo e dos viaxeiros coa estrea dun autobús Dodge Brothers. Este contaba con 28 prazas interiores máis as de Imperial ou "baca", nome este proviñente das dilixencias, que cubrían este espazo sobre o teito cunha pel grosa de vaca. No novo automóbil, este espazo contaba agora cuns bancos corridos nos que se sentaban os homes á intemperie e co vento de fronte, aínda que as velocidades alcanzadas non fosen grande cousa. No ano 1941, pasaría a dirixir esta empresa Aurelio Cerqueiro Pousada e no 1946 incorporaríase tamén o seu irmán José Cerqueiro. No 1966, coa mellora das estradas, engádenlle á ruta novos destinos (hijuelas) derivados do traxecto da concesión principal e no 1992, xa como sociedade limitada, comezaría un proceso de modernización da súa flota de autobuses, engadindo o transporte discrecional, escolar e universitario.



### CANGAS-BUEU. — IMPORTANTE MEJORA

El progresista industrial D. José Cerqueiro, correspondiendo al favor de sus viajeros, acaba de agregar al servicio de línea que viene haciendo entre Cangas y Bueu, un nuevo ómnibus marca "Dodge" con capacidad para 28 asientos interiores.

Esta empresa, co mesmo nome de Cerqueiro, aínda segue a cubrir na actualidade, idéntico traxecto con variantes engadidas (hijuelas do Hío e de Cela, Hermelo e Bon) e outros servizos discretiónais, sendo unha das máis antigas de Galicia, cumprindo actualmente 85 anos de servizo. Esta empresa de carácter familiar pervive hoxe, asociada desde o ano 2002 con outras tres no grupo de transportes de viaxeiros "As Rías". Deste xeito, este consorcio de transportes non só evitaría a súa absorción polos grandes grupos de transportes que aparecen nestas datas, senón que ademáis preserva o carácter familiar e de proximidade que sempre caracterizou ás empresas que o conforman.

\*Escritor, profesor e veciño de Cangas